

Resolución do 22 de xaneiro de 2021, do Director-Xerente de SEAGA, no proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, pola que se aproban as listas de contratación e de agarda definitivas.

Por resolución do 13 de xaneiro de 2021 da comisión de selección aprobáronse e fixéronse públicas as listas provisionais de contratación e agarda, entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais”, nos ámbitos de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista de contratación, e de conformidade co establecido nas bases específicas II 2.8 das que rexen o proceso, o Director-Xerente **ACORDA:**

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra as listas provisionais na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais” nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Segundo.- Facer públicas as listas de contratación e agarda definitivas de candidatos trala resolución das reclamacións efectuadas.

Facer públicas as listas de contratación e agarda definitivas de candidatos, trala resolución das reclamacións efectuadas contra a listas provisionais de contratación e agarda na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais” ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, por duplicado exemplar, que figura como ANEXO, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I., especificando o posto de prelación e a puntuación total acadada.

Santiago de Compostela, a 22 de xaneiro de 2021.

O Director-Xerente.

Asdo. Pablo Arbones Maciñeira.

